

# VIEIROS

Máis Alá

Gestionado por Vieiros

COMUNICADO DE AELG, AGE, AGPI E GALIX

## **Editores e escritores acusan a López-Chaves de "faltar á verdade"**

O portavoz de Cultura do Partido Popular criticou reiteradamente a participación da cultura galega na Feira do Libro da Habana.

Redacción - 13:41 10/03/2008

Os colectivos asinantes do comunicado, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación Galega de profesionais da Ilustración (AGPI) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix), critican especialmente a acusación realizada por López-Chaves de que a Xunta viaxara a Cuba "cun séquito superior ao dun xefe de Estado" e de que se escollera aos artistas e representantes alí enviados en función de afinidades ideolóxicas.

Os catro colectivos afirman que o emprego da denominación séquito aplicada ás representacións dos diversos colectivos editoriais, literarios e artísticos da Galiza, "supón un inaceptabel desprezo á cultura en xeral e aos que representamos á cultura do noso país, en particular". Así mesmo, acusan a López-Chaves de "faltar á verdade en relación coas actuacións e co desenvolvemento da nosa actividade na Feira do Libro da Habana" e deixan claro que os participantes "foron á Cuba polas súas capacidades literarias, artísticas e profesionais contrastadas e doadamente verificables, non pola súa adscrición política".

Finalmente, lembran que o señor López-Chaves e o Partido Popular coñecían previamente cal era o orzamento asignado a este evento e puideron presentar enmendas contra el, cousa que non fixeron, "o cal pon aínda máis en evidencia que este debate é oportunista e foi provocado coa pretensión de crear dúbidas na cidadanía no contexto da recente campaña electoral".